

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15019301	CPI de San Vicente	A Baña	2022/2023

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias	5
c) Os criterios para incorporar elementos transversais	6
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	8
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	10
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	12
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	13
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	14
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	17
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	19
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	27
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas, que incluírán un modelo de programación e de resumo para o alumnado e as familias	27
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	28
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	29

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

No CPI de San Vicente trabállase pola consecución dos obxectivos de cada etapa tendo en conta o contexto familiar e social no que se atopa o noso alumnado, o cal coñeceremos de preto grazas a un contacto permanente entre o profesorado e as familias.

No relativo á lingua de comunicación e aprendizaxe, partimos dunha poboación escolar maioritariamente galego-falante, unha riqueza que queremos potenciar e poñer en valor, facendo da lingua galega o vehículo para o coñecemento tanto da nosa cultura como da cultura universal.

A atención á diversidade e a inclusión son obxectivos prioritarios e a recente incorporación ao centro de alumnado estranxeiro, unha oportunidade para potenciar a inclusión e a tolerancia na comunidade escolar.

A través do programa de actividades complementarias foméntase a convivencia entre o alumnado das tres etapas educativas e tamén da comunidade escolar coas familias, establecendo a través das mesmas contactos periódicos en actividades colaborativas e conxuntas que facilitan a comunicación e a boa relación entre tódolos membros da comunidade educativa.

A creación de hábitos na etapa de infantil e nos primeiros cursos de primaria será o punto de partida para o fomento do esforzo e da disciplina nos cursos superiores.

O coñecemento do corpo, o coidado e os hábitos de limpeza darán paso ao fomento da vida saudable, de actitudes responsables cara a eles mesmos e cara á sociedade en xeral, promovendo o respecto polas normas de convivencia, de coidado da contorna, de aforro enerxético, de conciencia cidadán, de sotibilidade.

En definitiva, trabállase para formar homes e mulleres amantes da liberdade, con sentido crítico e creativo, que coñezan a nosa cultura e gusten de coñecer outras, que sexan quen de resolver os seus conflitos de forma responsable, con actitudes de respecto e para inculcar non só os coñecementos lingüísticos, científicos, técnicos e humanísticos preceptivos senón tamén para espertar o gusto polo saber, o espírito emprendedor, e darlles as bases para a formación permanente tal e como entende a educación e a LOMLOE.

OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN INFANTIL (DECRETO 150/2022, do 8 de setembro)

A educación infantil contribuirá a desenvolver nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.
- e) Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.
- h) Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.
- i) Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN PRIMARIA (DECRETO 155/2022, do 15 de setembro)

A educación primaria contribuirá a desenvolver nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas de forma empática, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais con que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.
- e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.
- f) Adquirir, polo menos, nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.
- i) Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe, utilizando un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- n) Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- ñ) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

OBXECTIVOS DA ESO (DECRETO 156/2022, do 15 de setembro)

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria

para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.

k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

b) A contribución á adquisición das competencias

As competencias clave son as seguintes:

a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).

b) Competencia plurilingüe (CP).

c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM).

- d) Competencia dixital (CD).
- e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- f) Competencia cidadá (CC).
- g) Competencia emprendedora (CE).
- h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

As competencias clave deben estar integradas nas áreas ou materias das propostas curriculares, e nelas definirse, explicitarse e desenvolverse suficientemente os resultados de aprendizaxe que o alumnado debe conseguir.

As competencias deben desenvolverse nos ámbitos da educación formal, non formal e informal ao longo da Educación Primaria e la Educación Secundaria Obligatoria.

Todas as áreas ou materias do currículo deben participar, dende o seu ámbito correspondente, no desenvolvemento das distintas competencias do alumnado.

A selección dos contidos e as metodoloxías debe asegurar o desenvolvemento das competencias clave ao longo da vida académica.

Os criterios de avaliación deben servir de referencia para valorar o que o alumnado sabe e sabe facer en cada área ou materia. Estes criterios de avaliación desmiúzanse nunha serie de descritores operativos cuxa consecución garante a consecución dos obxectivos xerais de cada etapa educativa.

Os descritores operativos das competencias clave constitúen, xunto cos obxectivos xerais da etapa, o marco referencial a partir do cal se concretan os obxectivos de cada área, ámbito ou materia. Esta vinculación entre descritores operativos e obxectivos propicia que da avaliación destes últimos, a través dos correspondentes criterios de avaliación asociados, poida colixirse o grao de adquisición das competencias clave definidas no perfil de saída e, polo tanto, a consecución das competencias clave e obxectivos xerais previstos para a etapa.

Dado que as competencias se adquiren necesariamente de forma secuencial e progresiva, cómpre unha coordinación entre etapas para garantir o nivel de desempeño esperado ao completar a educación primaria, o cal favorece e explicita a continuidade, a coherencia e a cohesión entre as dúas etapas que compoñen o ensino obrigatorio.

Todas as áreas e materias deben contribuír ao desenvolvemento competencial.

A cualificación final por competencia obtérase a partir das cualificacións competenciais de cada materia, realizándose unha media ponderada que teña en conta:

- Por un lado o peso da materia no desenvolvemento de cada competencia concreta e os seus descritores operativos.
- E por outro, o número de horas semanais.

c) Os criterios para incorporar elementos transversais

EN EDUCACIÓN INFANTIL

Na etapa da educación infantil trátanse, como mínimo, os seguintes contidos de carácter transversal, incorporados no desenvolvemento dos proxectos globalizados deseñados para cada curso escolar:

- O desenvolvemento afectivo
- A xestión emocional
- O movemento e os hábitos de control corporal

- As manifestacións da comunicación e da linguaxe
- As pautas elementais de convivencia e relación social
- O descubrimento da contorna, dos seres vivos que nela conviven e das características físicas e sociais do medio en que viven.
- A educación en valores.
- A educación para o consumo responsable e sustentable.
- A promoción e a educación para a saúde que fomente uns hábitos saudables.
- Favorecerase que as nenas e os nenos adquiren autonomía persoal e elaboren unha imaxe de si mesmos positiva, equilibrada, igualitaria e libre de estereotipos discriminatorios, incluíndo o coñecemento da diversidade familiar existente.

EN EDUCACIÓN PRIMARIA

Na etapa de educación primaria trataranse, como mínimo, os contidos de carácter transversal que se recollen nos números 9, 10 e 11 do artigo 16 do decreto 155/2022:

- A comprensión da lectura
- A expresión oral e escrita
- A comunicación audiovisual
- A competencia dixital
- O fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.
- A igualdade entre mulleres e homes
- A educación para a paz
- A educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable
- A educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.
- _ A orientación educativa, a acción titorial e á aducación emocional e en valores.

Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.

Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.

A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

EN EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa traballaranse en todas as materias:

- a comprensión de lectura
- a expresión oral e escrita
- a comunicación audiovisual
- a competencia dixital
- o emprendemento social e empresarial
- o fomento do espírito crítico e científico
- a educación emocional e en valores
- a igualdade de xénero
- a creatividade

Ao mesmo tempo, fomentaranse de maneira transversal:

- a igualdade entre mulleres e homes
- a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual
- a formación estética
- a concienciación e formación sobre o cambio climático
- a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable
- o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

Do mesmo xeito, promoverase:

- a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social,
- os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.

Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

No CPI de San Vicente cada persoa docente de cada etapa educativa terá a máxima autonomía para a elección da metodoloxía e recursos a empregar co seu alumnado.

A intervención educativa terá en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todo o alumnado e unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén.

Os mecanismos de reforzo, que se deberán pór en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares.

Prestarase unha atención especial á adquisición e ao desenvolvemento das competencias, e fomentarase a correcta expresión oral e escrita, a comprensión lectora, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, a competencia matemática, o emprendemento, a educación cívica e a conciencia e expresión cultural e artística en todas as materias do currículo.

Coa finalidade de promover a comprensión lectora e de uso da información, dedicarase un tempo á lectura na práctica docente de todas as materias.

Educación infantil

No ciclo de educación infantil a metodoloxía a empregar será o traballo por proxectos, acordándose por parte das docentes do ciclo o tema ou temas a tratar en cada aula e curso escolar.

Nesa decisión terase en conta a distribución do alumnado nas distintas aulas, xa que, ao contar con dúas aulas de infantil para os 3 niveis de escolarización, sempre haberá, polo menos, unha aula mixta.

A dirección do centro en coordinación co equipo de profesorado de Educación Infantil establecerá para cada curso escolar a distribución do alumnado nas dúas aulas, atendendo sempre a criterios pedagóxicos e de ratio por aula. De ser preciso dividir un grupo en dúas aulas, será sempre o grupo intermedio (5º de EI) atendendo a criterios de idade e, de ser o caso, de necesidades educativas especiais.

Así mesmo, as mestras de Infantil coordinaranse co profesorado especialista (Inglés, Relixión, Música e Educación Física se as houberse) no desenvolvemento dos proxectos, sempre que teñan interese en participar nos mesmos.

Os proxectos planificados para cada curso escolar concretaranse na programación didáctica correspondente tendo en conta, para a elección da lingua de traballo, a enquisa realizada ás familias ao inicio de curso.

O equipo educativo de 6º de educación infantil coordinarase co profesorado de 1º ciclo de primaria para a transición entre as dúas etapas.

Educación primaria

A metodoloxía deberá ser variada e adecuada ás características e aos ritmos de aprendizaxe do alumnado.

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento daquelas metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

Os mecanismos de reforzo, que se deberán pór en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares.

En 5º e 6º curso de educación primaria o CPI de San Vicente participa no proxecto EDIXGAL.

O equipo educativo de 6º de Educación Primaria coordinarase co profesorado de ESO para a transición entre as dúas etapas e a toma de decisións conxuntas relacionadas coa atención á diversidade.

Educación secundaria

As propostas pedagóxicas para esta etapa elaboraranse desde a consideración da inclusión e a atención á diversidade. Os métodos propostos terán en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorecerán a autonomía na aprendizaxe así como a aprendizaxe cooperativa.

A metodoloxía didáctica neste etapa será nomeadamente activa e participativa, favorecendo o traballo individual e en grupo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.

Nas programacións didácticas fixaranse as estratexias que desenvolverá o profesorado para alcanzar os estándares de aprendizaxe avaliábeles previstos en cada materia e, de ser o caso, en cada ámbito, así como a adquisición das

competencias clave.

Promoverase a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula, como recurso metodolóxico eficaz para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.

En 1º e 2º curso de educación secundaria o CPI de San Vicente participa no proxecto EDIXGAL.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

Criterios para a selección e emprego de recursos materiais (incluídos libros de texto)

Os recursos didácticos son todos os obxectos, lugares, accións ou situacións útiles para favorecer a aprendizaxe do alumnado e para permitir un bo desenvolvemento do proceso educativo. Por iso é preciso realizar unha selección coherente e meditada dos mesmos e establecer uns criterios de selección no Proxecto Educativo de Centro.

A selección de materiais e recursos didácticos corresponde aos docentes dos diferentes ciclos, niveis, materias de especialidade e departamentos didácticos, os cales deciden de xeito autónomo e atendendo sempre a criterios pedagóxicos, que materiais e recursos van empregar na súa práctica docente.

Esta selección farase de xeito coordinado por todo o profesorado da mesma etapa (EI e EP) ou do mesmo departamento (ESO) ou como mínimo polo profesorado do mesmo ciclo.

Nesta selección procurarase atender á cantidade, calidade e accesibilidade da información que neles se recolle, tendo en conta o destinatario final dos mesmos e as súas idades.

Ademais prestarase especial atención a:

- ¿ os contidos
- ¿ as capacidades que promoven
- ¿ as competencias que se poñen en práctica coa lectura e realización de actividades
- ¿ a oferta de recursos de ampliación e reforzo que proporcionan
- ¿ a variedade de actividades e tarefas que propoñen

O obxectivo da selección de materiais e recursos curriculares é dar resposta efectiva aos fundamentos xerais de intervención educativa e ao modelo didáctico que se pretende levar á práctica.

A selección de materiais didácticos será aprobada na CCP naqueles cursos en que corresponda por lei a súa renovación antes do 31 de maio.

CRITERIOS A TER EN CONTA NA SELECCIÓN DE LIBROS DE TEXTO E OUTROS RECURSOS IMPRESOS:

- Encaixan con coherencia no PEC.
- Empregan a lingua correspondente á materia que establece o Proxecto Lingüístico de Centro.
- Respectan os obxectivos do Plan de Igualdade de Centro no que se refire ao emprego de linguaxe inclusiva e contidos e imaxes non sexistas nin discriminatorias.
- Cobren os obxectivos do currículo.
- Os contidos foron seleccionados en función dos obxectivos e son adecuados ao nivel de desenvolvemento psicoevolutivo do alumnado.

- A disposición dos elementos nas páxinas aparece clara e ben diferenciada.
- Ofertan materiais complementarios que facilitan o desenvolvemento do proceso docente.
- Presentan actividades de reforzo e de ampliación.
- A progresión de contidos é adecuada.
- A cantidade de actividades é suficiente.
- As actividades están ben diferenciadas dos contidos.
- Facilitan a lectura comprensiva mediante unha adecuada organización das ideas, destacando as principais sobre as secundarias.
- Contribúen ao desenvolvemento das Competencias Clave.
- Facilitan e/ou permiten liberdade para traballar diferentes metodoloxías.
- Parten dos coñecementos previos do alumnado e se axustan na medida do posible á súa realidade sociocultural.
- Contribúen á realización de aprendizaxes significativas.
- Espertan a curiosidade e a motivación cara ao estudio e a aprendizaxe.
- Potencian o uso das diferentes técnicas de traballo intelectual.
- Facilitan a atención á diversidade.
- Proporcionan información gráfica mediante esquemas, táboas, gráficos, mapas, debuxos, viñetas, fotografías etc.
- Nos libros de ficción os seus contidos son adecuados ás idades ás que van dirixidos, prestándose unha especial atención na súa selección á linguaxe empregada e a ausencia de violencia, estereotipos de xénero ou calquera manifestación de discriminación por razón de raza, xénero, relixión, discapacidade, orientación ou identidade sexual etc...

CRITERIOS A TER EN CONTA NA SELECCIÓN DE MATERIAIS MANIPULATIVOS

- Están adaptados ás Normas de Seguridade Europeas.
- Integran aspectos lúdicos e educativos.
- Empregan materiais ecolóxicos ou reciclables, sempre que sexa posible.

CRITERIOS A TER EN CONTA NA SELECCIÓN DE MATERIAIS AUDIOVISUAIS E TECNOLÓXICOS

- As informacións son exactas, actuais e cientificamente rigorosas.
- A información e as explicacións dos conceptos exprésanse con claridade.
- A linguaxe e a imaxe están adaptados ao nivel.
- As imaxes aportan aclaracións ou ampliacións ás aprendizaxes.
- Nos materiais de ficción os seus contidos son adecuados ás idades ás que van dirixidos, prestándose unha especial atención na súa selección á linguaxe empregada e a ausencia de violencia, estereotipos de xénero ou

calquera manifestación de discriminación por razón de raza, xénero, relixión, condición física ou psicolóxica, orientación ou identidade sexual etc...

Ademais, á hora de elixir os materiais dirixidos ao alumnado tamén deben terse en conta os seguintes criterios:

- Que no sexan discriminatorios.
- Que permitan un uso comunitario dos mesmos.
- Que non degraden o medio ambiente.
- Que o seu custe sexa o adecuado, na procura de crear bos hábitos de consumo.
- Que sexan apropiados ao alumnado ao que vai dirixido.
- Que sexan resistentes e duradeiros.
- Que favorezan o desenvolvemento das capacidades das distintas áreas.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

1º curso de ESO

Tal e como recolle o decreto do 26/09/2022 no seu artigo 12.2, No primeiro e no segundo cursos os centros docentes contarán con dúas sesións lectivas de libre disposición, que dedicarán a incrementar a carga lectiva das materias recollidas respectivamente nos puntos 1 e 2 do artigo 9, nos termos que estableza a consellería con competencias en materia de educación.

O claustro de profesores acordou dedicar as dúas sesións de libre disposición a incrementar 1 hora lectiva ás materias de Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas, respectivamente.

2º curso de ESO

Así mesmo, o claustro de profesores acordou que no momento en que se implante a LOMLOE no 2º curso de ESO, as dúas sesións de libre disposición se dedicarán a incrementar 1 hora lectiva as materias de Lingua e Literatura Galega e Matemáticas.

3º curso de ESO

O CPI de San Vicente oferta as 4 materias optativas recollidas no Decreto de 26/09/2022 para o 3º curso de ESO:

- Oratoria
- 2ª lingua estranxeira: Francés
- Cultura Clásica
- Educación Dixital

Para evitar que a baixa ratio do noso centro impida a libre elección de materias optativas e garantir así o dereito a cursar calquera das materias optativas ofertadas independentemente do número de alumnos/as que as soliciten e sempre que o profesorado teña dispoñibilidade horaria para impartilas, a dirección do centro solicita anualmente autorización á Xefatura Territorial para a creación de grupos de menos de 5 alumnos/as. Estes grupos adoitan ser autorizados.

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

Xustifícase a importancia das actividades complementarias e extraescolares partindo da premisa de que unha educación de calidade é aquela que responde ás novas demandas sociais de modo eficaz e proporciona ao alumnado a igualdade, xustiza e oportunidade de mellorar a súa calidade de vida. Neste contexto recoñécense que as actividades complementarias e extraescolares contribúen á formación plena de alumnas e alumnos xa que promoven sentimento de pertenza ao centro, a un grupo e axudan a que consigan maior autonomía e responsabilidade, favorecendo a autoestima de maneira positiva.

Así mesmo, mediante este tipo de planificacións fóra ou dentro do contexto escolar, pero que se desvinculan do proceso tradicional de ensino-aprendizaxe, permítese que a comunidade educativa xestione, organice e realice actos nos que se promoven diferentes valores que identifican ao centro como son a solidariedade, participación, cooperación, entre outras.

Hoxe en día é fundamental mellorar as relacións entre alumnas e alumnos para adquirir habilidades sociais e de comunicación, obxectivo ao que este tipo de actividades axuda, ao igual que a promover a sensibilidade, curiosidade, creatividade e aprendizaxe cultural.

Considéranse ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS as organizadas polo centro durante o horario escolar de acordo co Proxecto Curricular e que teñen carácter diferenciado das lectivas propiamente ditas, polo momento e espazo que utilizan. Por outra banda, as ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES son as encargadas de potenciar a apertura do Centro ao entorno, e procuran conseguir a formación integral do alumnado ampliando o seu horizonte cultural, a preparación da inserción na sociedade e o uso do tempo libre. Estas realízanse fóra do horario lectivo e teñen un carácter voluntario, e na súa organización e coordinación participan os docentes.

Estes están representados no EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Os nomeados establecerán como CRITERIOS XERAIS para o deseño e realización das actividades os puntos seguintes:

- Que os obxectivos da actividade estean integrados dentro do Proxecto do Centro e as Programacións das etapas.
- Que estean programadas ao inicio de curso e aprobadas polo Consello Escolar. (As titoras e titores informarán ás familias sobre as actividades a realizar sendo perceptivo, no caso das extraescolares, unha autorización firmada para ter constancia de que foron informadas de que as alumnas e alumnos participarían na mesma.)
- Existirán diferentes tipos de agrupamentos, segundo as características da actividade: centro, nivel, ciclo.

Teráanse en conta as competencias clave para a súa programación, inculcando todas na súa totalidade xa que a preparación, posta en práctica e reflexión, sobre calquera actividade, involucra coñecementos de tódolos ámbitos. O que se pretende organizando este tipo de actividades é complementar o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe, propoñendo actividades máis lúdicas pero á súa vez divulgativas e que fomenten o desenvolvemento global do alumnado do centro. Entre os obxectivos propostos establécense:

- Desenvolver o aspecto intelectual, físico, social e emocional das alumnas e alumnos.
- Achegar e valorar a cultura galega, as nosas costumes e tradicións.
- Tomar conciencia da importancia da Educación para a saúde, respectándose a un mesmo, aos demais e ao medio no que vivimos.
- Inculcar valores solidarios, compartir e coñecer a toda a comunidade educativa, valorando cada posición.
- Aprender a convivir en espazos diferentes ao centro educativo.
- Coñecer outras perspectivas máis alá dos contidos académicos que sirvan de aprendizaxe para a vida.

- Fomentar o deporte, o coidado do medio ambiente, a alimentación san, e o coidado das emocións.
- Implicar a nais, pais e titores, no funcionamento do centro e na parcela académica dos seus familiares.
- Incorporar contidos académicos dun xeito lúdico, favorecendo a aprendizaxe significativa, o aprender sendo protagonista.
- Conmemorar, e polo tanto resaltar a importancia, de datas sinaladas completando o establecido nos currículos.
- Participar con distintas asociacións, organizacións e entidades dotando ao CPI de San Vicente de visibilidade.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

Cada Departamento desenvolverá un plan específico para o alumnado que se atope repetindo ou teña promocionado coa materia pendente.

Obxectivos

- Asegurar as aprendizaxes básicas que lles permitan alcanzar as competencias desta etapa.
- Facilitar un ensino adaptado aos seus intereses, que sexan motivadoras e que procuren unha aprendizaxe significativa a través da súa conexión coa contorna social e cultural.
- Mellorar as capacidades e competencias.
- Mellorar os resultados académicos do alumnado incrementando a porcentaxe de alumnado que recupera as materias pendentes e que promociona de curso.
- Mellorar a integración social do alumnado repetidor e/ou con materias pendentes no grupo e no centro.
- Aumentar as expectativas académicas do alumnado.
- Facilitar a adquisición de hábitos de organización e constancia no traballo.
- Desenvolver actitudes positivas cara ao traballo e impulsar a superación das dificultades persoais e académicas.
- Asegurar as aprendizaxes básicas nas materias instrumentais que permitan ao alumnado seguir con aproveitamento a etapa correspondente.

Alumnado ao que vai dirixido

O programa está centrado especificamente no tratamento didáctico das dificultades que presente aquel alumnado que, por circunstancias diversas, non acadou os obxectivos que corresponden á súa idade e curso académico.

Seguindo as directrices marcadas na orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria, secundaria e bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e nos decretos 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e o decreto 155/2022 do 15 de setembro polo que se establece o currículo de educación primaria, así como pola ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 de atención á diversidade, o alumnado destinatario destes plans será:

O alumnado que promociona sen superar todas as materias requirirá un programa de reforzo para a recuperación das aprendizaxes non adquiridas, que incluíra o conxunto de actividades programadas para realizar o seguimento, o asesoramento e a atención personalizada ao alumnado con áreas ou materias pendentes de cursos

anteriores, así como as estratexias e criterios de avaliación. - No caso de áreas e materias non superadas que teñan continuidade no curso seguinte, o profesorado responsable destes programas será o profesorado da materia correspondente en educación secundaria obrigatoria.

- No suposto de materias que non teñan continuidade no curso seguinte o programa de reforzo para a recuperación das aprendizaxes non adquiridas asignarase a un profesor ou profesora do departamento correspondente.

- O alumnado de educación secundaria obrigatoria que non obteña avaliación positiva no programa de recuperación á finalización do curso poderá presentarse á proba de recuperación da materia correspondente. A tales efectos, o profesor ou profesora que teña ao seu cargo o programa elaborará un informe sobre os obxectivos e contidos non alcanzados e a proposta de actividades de recuperación.

Actuacións primeiro trimestre

- Identificación/localización do alumnado obxecto do programa de recuperación de pendentes.
- Análise dos informes previos ou do curso anterior.
- Realización das avaliacións iniciais e entrevistas persoais (valoración do estilo de aprendizaxe).
- Análise da resultados.
- Realización da programación e os plans personalizados para o alumnado que promocióne de curso coa materia pendente.
- Seguimento durante o trimestre (con reunións periódicas do equipo educativo)
- Avaliación do programa na primeira sesión de avaliación trimestral.

Actuacións segundo trimestre

- Valoración dos resultados do primeiro trimestre.
- Introducción de modificacións ou melloras, se fose oportuno.
- Seguimento durante o segundo trimestre.
- Avaliación do programa na segunda sesión de avaliación.

Actuacións terceiro trimestre

- Valoración dos resultados do segundo trimestre.
- Introducción de modificacións ou melloras, se fose oportuno.
- Seguimento durante o terceiro trimestre.
- Avaliación final dos resultados do programa.
- Propostas de mellora para o próximo curso.

Posibles actividades a desenvolver polo alumnado

- Establecer en cada aula alumnos axudantes (estes poderán proporcionar axuda aos alumnos/as que presenten certas dificultades nalgunha das áreas).
- Desenvolver tarefas en grupos de traballo cooperativos/interactivos.

- Desenvolver as unidades didácticas a través de traballos por proxectos.
- Análise de contidos audiovisuais: documentais, series, etc que estean relacionados coa materia curricular de cada unha das áreas, fomentando o uso de estratexias metodolóxicas variadas e mais atractivas para este perfil de alumnado.
- Todas aquelas que propoñan cada un dos departamentos didácticos e que fosen valoradas polo departamento de Orientación.

Seguimento

O seguimento dos programas específicos/individualizados será realizado polo profesorado implicado seguindo un calendario de reunións:

- Sesión de avaliación inicial: establecerase o perfil do alumnado e o estilo de aprendizaxe considerado idóneo. Punto de partida para elaborar o plan individualizado.
- Reunións periódicas dos equipos docentes: seguimento dos plans elaborados e o avance do alumnado ao que van dirixidos. Facer mención especial á adquisición das competencias en cada unha das áreas.
- Reunións periódicas co Departamento de Orientación onde se analizarán os resultados e proporanse medidas de mellora segundo a viabilidade do desenvolvemento do plan.
- Reunións trimestrais avaliadoras, facéndooas coincidir coas sesións de avaliación.

A Xefatura de Estudos encargárase de recoller estes plans individualizados, levar un rexistro do alumnado con materias pendentes, e será tamén a encargada de realizar un seguimento dos mesmos a través dos informes que o profesorado lle proporcione sobre os aspectos máis significativos da evolución do alumnado implicado.

Avaliación

A avaliación dos obxectivos alcanzados polo alumnado realizarase de diversas maneiras segundo o criterios establecido por cada docente na súa programación:

- Revisión dos cadernos do alumnado para realizar un seguimento do grao de realización de actividades, a comprensión dos conceptos novos, a expresión escrita, a limpeza e a orde na presentación etc.
- Observación directa do alumnado nas sesións de titoría individualizada, mentres traballan en grupo ou participan en discusións de clase para obter información sobre a súa iniciativa e interese polo traballo, participación, capacidade de traballo en equipo, hábitos de traballo, comunicación cos compañeiros...
- Cuestionarios orais, resolución de problemas no encerado.
- Controis puntuais.
- Proba escrita ao final de cada avaliación con exercicios similares aos xa realizados durante a avaliación. Primaranse os procesos fronte aos resultados, valorando os razoamentos expresados.

O plan de reforzo debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
- c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.

f) Tarefas para realizar, coa debida temporización.

g) Seguimento e avaliación.

h) Acreditación da información á familia.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

Plan específico para o alumnado repetidor

Cada Departamento desenvolverá un plan específico para o alumnado que se atope repetindo en cada grupo.

Obxectivos

- Asegurar as aprendizaxes básicas que lles permitan acadar as competencias desta etapa.
- Facilitar un ensino adaptado aos seus intereses, que sexan motivadoras e que busquen a aprendizaxe significativa a través da súa conexión coa súa contorna social e cultural.
- Mellorar as capacidades e competencias.
- Mellorar os resultados académicos dos alumnos incrementando a porcentaxe de alumnado que recupera as materias pendentes e que promociona de curso
- Mellorar a súa integración social, no grupo e no centro.
- Aumentar as expectativas académicas do alumnado.
- Facilitar a adquisición de hábitos de organización e constancia no traballo.
- Desenvolver actitudes positivas cara ao traballo e a superación das dificultades persoais e académicas.
- Asegurar as aprendizaxes básicas nas materias instrumentais que permitan ao alumnado seguir con aproveitamento a etapa correspondente.
- Mellorar a súa integración social, no grupo e no centro.

Alumnado ao que vai dirixido

O programa está centrado especificamente no tratamento didáctico de problemas daquel alumnado que, por circunstancias diversas, non acadou os obxectivos que corresponde á súa idade e ao tramo académico.

Seguindo as directrices marcadas na orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria, secundaria e bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e nos decretos 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e o decreto 155/2022 do 15 de setembro polo que se establece o currículo de educación primaria, así como pola ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 de atención á diversidade, o alumnado destinatario destes plans será:

a) O alumnado que non promociona de curso, sendo necesario levar a cabo un plan específico personalizado orientado á superación das dificultades detectadas no curso anterior.

Actuacións primeiro trimestre

- I d e n t i f i c a c i ó n / l o c a l i z a c i ó n do alumnado obxecto do programa de repetidores.

- Análise dos informes previos ou do curso anterior.
- Realización das avaliacións iniciais e entrevistas persoais (valoración do estilo de aprendizaxe).
- Análise da resultados.
- Realización da programación e os plans personalizados para o alumnado que non promocióne de curso.
- Seguimento durante o trimestre (con reunións periódicas do equipo educativo)
- Avaliación do programa na primeira sesión de avaliación trimestral.

Actuacións segundo trimestre

- Valoración dos resultados do primeiro trimestre
- Introducción de melloras se fose oportuno
- Seguimento durante o segundo trimestre
- Avaliación do programa na segunda sesión de avaliación.

Actuacións terceiro trimestre

- Valoración dos resultados do segundo trimestre
- Introducción de melloras se fose oportuno
- Seguimento durante o terceiro trimestre
- Avaliación final dos resultados do programa
- Propostas de mellora para o próximo curso

Posibles actividades a desenvolver polo alumnado

- Establecer en cada aula alumnos axudantes (estes poderán proporcionar axuda aos alumnos/as que presenten certas dificultades nalgunha das áreas)
- Traballo en grupos de traballo cooperativos/interactivos
- Presentar as unidades didácticas en forma de traballos de investigación ou traballos por proxectos
- Análise de visionado de vídeos, documentais, series, etc que estean relacionadas coa materia curricular de cada unha das áreas, fomentando o uso de estratexias metodolóxicas variadas e mais atractivas para este perfil de alumnado.
- Todas aquelas que propoñan cada un dos departamentos didácticos e que fosen valoradas polo departamento de Orientación.

Seguimento

O seguimento dos programas específicos/individualizados será realizado polo profesorado implicado seguindo un calendario de reunións:

- Sesión de avaliación inicial: establecerase o perfil do alumnado e o estilo de aprendizaxe, punto de partida para

- Reunións periódicas dos equipos docentes, nas cales se realizará un seguimento dos plans elaborados e o avance do alumno/a. Facer mención especial á adquisición das competencias en cada unha das áreas.
- Reunións periódicas co Departamento de Orientación onde se analizarán os resultados e proporanse medidas de mellora segundo a viabilidade do desenvolvemento do plan.
- Reunións trimestrais avaliadoras, facéndooas coincidir coas sesións de avaliación.

A Xefatura de Estudos encargárase de levar un rexistro do alumnado repetidor e con materias pendentes, e será a encargada de que o profesorado deixe constancia dos aspectos máis significativos da evolución do alumnado coa intención de garantir o seguimento.

Avaliación

A avaliación dos obxectivos alcanzados polos alumnos realizarase de diversas maneiras segundo o criterios establecido por cada docente na súa programación:

- Revisión dos cadernos dos alumnos para comprobar, o grao de realización de actividades, a corrección nos conceptos novos, expresión escrita, limpeza e orde na presentación...
- Observación directa dos alumnos nas sesións de titoría individualizada, mentres traballan en grupo ou participan en discusións de clase para obter información sobre a súa iniciativa e interese polo traballo, participación, capacidade de traballo en equipo, hábitos de traballo, comunicación cos compañeiros...
- Preguntas orais, resolución de problemas na pizarra.
- Controles puntuais.
- Proba escrita ao final da avaliación con exercicios similares aos xa realizados durante a avaliación. Primaranse os procesos fronte aos resultados, valorando os razoamentos expresados.

O Plan Personalizado terá a estrutura seguinte:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.
- h) Seguimento e avaliación do plan.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

LEXISLACIÓN

Real Decreto 984/2021, de 16 de novembro, por el que se regulan la evaluación y la promoción en la Educación Primaria, así como la evaluación, la promoción y la titulación en la Educación Secundaria Obligatoria, el Bachillerato y la Formación Profesional.

ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

Circular 1/2022 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se precisan aspectos da Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, para o curso 2021-2022.

DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Carácter da avaliación

1. A avaliación ten como finalidade a valoración dos procesos e dos resultados de aprendizaxe do alumnado, e do exercicio da práctica docente.
2. O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes.
3. Co fin de garantir o dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva e a que a súa dedicación, o seu esforzo e o seu rendemento sexan valorados e recoñecidos con obxectividade, estarase ao disposto na Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

Atención ás diferenzas individuais na avaliación

1. O centro aplicará as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás circunstancias do alumnado con necesidade específica de apoio educativo, de acordo coa Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Estas adaptacións en ningún caso se terán en conta para minorar as cualificacións obtidas polo alumnado.
2. Para permitir a valoración obxectiva de todo o alumnado promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe.
3. Cando as circunstancias persoais da alumna ou do alumno con necesidades educativas especiais o aconsellen, para a consecución dos obxectivos do ensino básico, este alumnado poderá prolongar un curso adicional a súa escolarización. Estas circunstancias poderán ser permanentes ou transitorias e deberán estar suficientemente acreditadas polos servizos de orientación.

EDUCACIÓN PRIMARIA

Avaliación

1. A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da etapa os criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe que se recollen no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
2. Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.

3. A avaliación do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.

4. No contexto deste proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

5. A avaliación das competencias clave está integrada na avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado, na medida en que ser competente supón mobilizar os coñecementos, as destrezas, as actitudes e os valores para dar resposta ás situacións expostas, dotar de funcionalidade as aprendizaxes e aplicar o que se aprende desde unha formulación integradora.

6. Na valoración do desenvolvemento das competencias do alumnado teranse en consideración, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe das diferentes áreas que se relacionan cunha mesma competencia, os cales conforman o perfil desa competencia

Promoción

1. Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción* e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. A promoción no resto de cursos da etapa será automática.

2. O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.

3. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfase curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes. Esta decisión só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas que exerzan a tutoría legal, e terá, en todo caso, carácter excepcional.

4. Para a elaboración e o seguimento do plan específico de reforzo, a que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

5. Ao finalizar os cursos segundo e cuarto da etapa o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumna ou alumno, indicando, de ser o caso, as medidas de reforzo que se deben prever no ciclo seguinte.

6. Co fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, cada alumna ou alumno disporá ao finalizar a etapa dun informe elaborado pola súa titora ou polo seu titor sobre a súa evolución e o grao de adquisición das competencias desenvolvidas. No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, o informe deberá reflectir as adaptacións e medidas adoptadas, e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar.

No CPI de San Vicente, establécese como criterios de promoción ao curso seguinte en educación primaria ter superadas todas as materias ou, no seu caso, ter suspensas, como máximo, dúas materias, sempre que esas materias non sexan simultaneamente dúas materias instrumentais (lingua galega, lingua castelá e/ ou matemáticas). A promoción con algunha materia suspensa só será posible no caso de que o equipo docente considere que se logrou a adquisición dos obxectivos da etapa e que se alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias clave correspondentes a ese nivel.

A repetición será unha medida excepcional e tomarase despois de ter esgotadas o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado. Valorarase:

1. A conveniencia de permanecer no nivel para acadar con maior solidez as aprendizaxes básicas, especialmente nos primeiros cursos da E. Primaria na adquisición das T.I. imprescindibles para o progreso nos outros niveis.
2. As repercusións positivas ou negativas que o cambio de grupo pode ter no alumnado segundo o seu grado de integración, carácter, personalidade...
3. A conducta do alumno. A influencia da mesma no seu grupo se promociona ou non novo grupo se non o fai.
4. A actitude cara o traballo, o progreso e o esforzo en función das súas capacidades.
5. A opinión da familia ou titores legais, que serán informadas e escoitados previamente ás resolucións que se tomen.
6. A consulta ao D.O. do centro nos casos que proceda.
7. Calquera outra consideración particular que poida ser oportuna.

Flexibilización da permanencia en Educación Infantil e Primaria

No ano no que cumpre os 6 anos o alumnado de E. Infantil promocionará a E. Primaria.

Segundo a orde de setembro de 2021 que desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade do alumnado en centros docentes de CCAA de Galicia, nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación:

Enténdese por flexibilización da duración do período de escolarización a redución ou a ampliación da permanencia nunha determinada etapa, por tratarse, respectivamente, de alumnado con altas capacidades intelectuais ou de alumnado con necesidades educativas especiais. A acreditación das altas capacidades intelectuais ou das necesidades educativas especiais corresponde aos servizos de orientación.poderá permanecer un ano máis no segundo ciclo de educación infantil o alumnado con necesidades educativas especiais ao cal se lle autorizase a permanencia dun ano máis no citado ciclo.

Redución da duración do período de escolarización:

- En Educación Infantil: Redución dun ano escolar para o alumnado con acreditación de altas capacidades intelectuais; poderá comezar a educación primaria no ano natural en que cumpra os cinco anos de idade.
- En Educación Primaria: Redución dun ano escolar, independentemente de que se reduciase ou non a súa permanencia en educación infantil, para o alumnado con acreditación de altas capacidades intelectuais. Esta redución afectará, con carácter xeral, o segundo curso do ciclo, de xeito que o alumnado que reduce a duración do período de escolarización poida realizar o novo ciclo completo, comezándoo no seu primeiro curso, e non afectará, con ese mesmo carácter, o derradeiro curso da etapa.
-

Ampliación da duración do período de escolarización:

- En Educación Infantil: Ampliación dun curso escolar para o alumnado con acreditación de necesidades educativas especiais, que non poderá permanecer nesa etapa máis alá dos sete anos de idade, feitos no ano natural en que finaliza o curso escolar. Cando esa ampliación se produza no primeiro ciclo de educación infantil, a incorporación ao segundo ciclo realizarase ao primeiro curso dese ciclo.
- En Educación Primaria: Ampliación dun curso escolar para o alumnado con acreditación de necesidades educativas especiais, que non poderá permanecer nesa etapa máis alá dos quince anos de idade, feitos no ano natural en que finaliza o curso escolar. A ampliación realizarase no segundo curso do terceiro ciclo, logo de esgotada a medida excepcional de repetición de

- curso dentro da etapa.
- Unha segunda ampliación extraordinaria dun curso escolar para o alumnado con acreditación de necesidades educativas especiais escolarizado a tempo completo nunha unidade de educación especial ou nun centro de educación especial, sen que poida permanecer nesa etapa máis alá dos quince anos de idade, feitos no ano natural en que finaliza o curso escolar.
-

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Avaliación en ESO

1. A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da etapa os criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe que se recollen no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
2. Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao seguinte curso ou a obtención do título de graduado ou graduada en educación secundaria obrigatoria.
3. A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora.
4. No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.
5. A avaliación das aprendizaxes das alumnas e dos alumnos terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.
6. A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado deberá ser integradora e deberán terse en conta como referentes últimos, desde todas e cada unha das materias ou ámbitos, a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e o desenvolvemento das competencias correspondentes. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice de xeito diferenciado a avaliación de cada materia ou ámbito tendo en conta os seus criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe de cada unha delas.
7. Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación parciais. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias ou dos ámbitos pendentes, se for o caso. A derradeira destas tres avaliacións realizarase nas datas que se determinen na norma que estableceza o calendario escolar para cada curso.
8. O período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría. Nese sentido, para o alumnado que teña materias ou ámbitos con partes sen superar logo de realizada a terceira avaliación parcial, o equipo docente realizará un breve informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación. A cualificación definitiva das materias ou dos ámbitos farase efectiva na avaliación final de curso.
9. Na avaliación final de cada curso realizarase unha valoración das competencias clave. Os resultados expresaranse nos termos de insuficiente (IN), para as cualificacións negativas, e suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) ou sobresaliente (SB), para as cualificacións positivas.
10. A persoa titora recollerá en acta, para cada sesión de avaliación, as decisións e os acordos acadados referidos a cada alumna e alumno, e ao grupo no seu conxunto.
11. As decisións adoptadas polo equipo docente irán referidas á promoción e á titulación do alumnado, ás medidas de atención á diversidade e a todas as que incidan no proceso educativo do alumnado. De non existir unanimidade no

equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros.

Promoción de Educación Primaria a ESO

O alumnado promocionará á etapa de educación secundaria obrigatoria se alcanzou o desenvolvemento correspondente das competencias básicas, os obxectivos da educación primaria e un adecuado grao de madurez.

Accederase igualmente cando as aprendizaxes non alcanzadas non sexan un obstáculo para seguir satisfactoriamente a nova etapa. Neste caso, a persoa titora, no informe persoal, precisará as dificultades presentadas e os obxectivos da etapa non logrados, así como as medidas adoptadas ata ese momento a fin de que o profesorado da nova etapa poida establecer as medidas necesarias de reforzo.

Tendo en conta que nos atopamos nun CPI, ben a finais de cada curso escolar ou a comezos do seguinte, realizarase unha reunión entre o titor saínte e o entrante, á que asistirán tamén o orientador/a e o xefe/a de estudos correspondente, para tomar nota daquela información que facilite a transición dunha etapa educativa á outra.

A escolarización do alumnado con altas capacidades intelectuais poderá flexibilizarse de tal forma que se poida adiantar, logo da avaliación psicopedagóxica, o inicio da escolarización na etapa de educación secundaria obrigatoria, sempre que se considere que esta medida é a máis adecuada para o desenvolvemento equilibrado do alumnado e para a súa socialización.

Promoción e Titulación en Educación Secundaria Obrigatoria

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, establece os criterios de promoción nesta etapa.

O Real decreto lei 5/2016, do 9 de decembro, de medidas urxentes para a ampliación do calendario de implantación da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, establece medidas que afectan as avaliacións finais de educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

O Real decreto 562/2017, do 2 de xuño, regula as condicións para a obtención dos títulos de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharel, de acordo co disposto no Real decreto lei 5/2016, do 9 de decembro.

Criterios para a promoción de curso do alumnado de ESO

1. Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas* lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
- c) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.**
- d) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

Concrecións aos criterios de promoción en ESO do CPI de San Vicente:

Non se considerará que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito cando dúas das mesmas sexan de carácter instrumental, é dicir, matemáticas, lingua castelá e lingua galega.

Estímase imprescindible para ter expectativas favorables de recuperación non ter abandonado ningunha das materias non superadas, entendendo como abandono de materia:

1. Acumular un número de faltas de asistencia non xustificadas que representen máis do 20% do horario lectivo da materia en cuestión.
2. Non presentarse ás probas de avaliación.
3. Non realizar as actividades de reforzo destinadas a superar as materias pendentes.
4. Presentar os exames en branco, ou case en branco.

3. O alumnado que acade a promoción de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

4. Para a elaboración e o seguimento do plan de reforzo a que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

5. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno. En todo caso, a permanencia no mesmo curso planificarase de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumnado e estean orientadas á superación das dificultades detectadas, así como ao avance e ao aprofundamento nas aprendizaxes xa adquiridas. Estas condicións recolleranse nun plan específico personalizado con cantas medidas se consideren adecuadas para este alumnado.

6. Para a elaboración e o seguimento do plan específico personalizado a que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

7. En todo caso, a alumna ou o alumno poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio. De xeito excepcional poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias establecidas para a etapa. Neste caso poderase prolongar un ano o límite de idade a que se refire o artigo 4.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Consello orientador

1. Ao finalizar o segundo curso entregaráselles aos pais, ás nais ou ás persoas que teñan a tutoría legal de cada alumna ou alumno un consello orientador. Este consello incluírá un informe sobre o grao de logro dos obxectivos e de adquisición das competencias correspondentes, así como unha proposta a pais, nais ou tutores ou titoras legais, ou, de ser o caso, á alumna ou ao alumno, da opción que se considere máis adecuada para continuar a súa formación, que poderá incluír a incorporación a un programa de diversificación curricular ou a un ciclo formativo de grao básico.

2. Igualmente, ao finalizar a etapa ou, de ser o caso, ao concluír a súa escolarización, todo o alumnado recibirá un consello orientador individualizado que incluírá unha proposta sobre a opción ou as opcións académicas, formativas ou profesionais que se consideran máis convenientes. Este consello orientador terá por obxecto que todo o alumnado atope unha opción adecuada para o seu futuro formativo.

3. Ademais de nos casos anteriores, cando o equipo docente considere conveniente propor a pais, nais, tutores ou titoras legais, ou á alumna ou ao alumno a súa incorporación a un ciclo formativo de grao básico ou a un programa de diversificación curricular, ou ao primeiro curso dun programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento, nalgún outro curso en que resulte de aplicación, a devandita proposta formularase a través dun consello orientador que se

emitirá con esa única finalidade.

4. Este consello orientador elaborará o profesorado titor, logo da información recollida na sesión de avaliación final e co asesoramento do departamento de orientación. Levará a sinatura do profesorado titor e da persoa que exerza a xefatura do departamento de orientación, e o visto e prace da dirección do centro docente. O consello orientador incluírase no expediente da alumna ou do alumno.

Criterios para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria

1. Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias establecidas e á consecución dos obxectivos da etapa, sen prexuízo do establecido no artigo 7.2 desta orde, e tendo en conta os criterios de titulación.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.
- c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

3. O título de graduado en educación secundaria obrigatoria será único e expedirse sen cualificación.

4. As alumnas e os alumnos recibirán, ao concluíren a súa escolarización na educación secundaria obrigatoria, unha certificación oficial en que constará o número de anos cursados e o nivel de adquisición das competencias da etapa.

5. O alumnado que, logo de finalizado o proceso de avaliación do cuarto curso de educación secundaria obrigatoria, non obteña o título e supere os límites de idade establecidos no artigo 4.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, tendo en conta así mesmo a prolongación excepcional da permanencia na etapa que prevé a propia lei no artigo 28.5, poderao facer nos dous cursos seguintes a través da realización de probas ou actividades personalizadas extraordinarias das materias que non superase, de acordo co currículo establecido e coa organización e instrucións que dispoña a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.

Flexibilización da duración do período de escolarización en ESO

Enténdese por flexibilización da duración do período de escolarización a redución ou a ampliación da permanencia nunha determinada etapa, por tratarse, respectivamente, de alumnado con altas capacidades intelectuais ou de alumnado con necesidades educativas especiais. A acreditación das altas capacidades intelectuais ou das necesidades educativas

especiais corresponde aos servizos de orientación.

Redución da duración do período de escolarización en ESO:

Redución dun ano escolar para o alumnado con acreditación de altas capacidades intelectuais, independentemente de que se reducese ou non a súa permanencia nas etapas anteriores. Esta redución non poderá afectar o derradeiro curso desa etapa.

Ampliación da duración do período de escolarización en ESO:

Ampliación dun curso escolar para o alumnado con acreditación de necesidades educativas especiais, que non poderá permanecer nesa etapa máis alá dos dezanove anos de idade, no caso de centros docentes ordinarios, ou dos vinte e un, no caso de unidades de educación especial ou en centros de educación especial a tempo completo. En ambos os casos, o límite de idade enténdese referido ao ano natural en que finaliza o curso escolar.

Unha segunda ampliación extraordinaria dun curso escolar para o alumnado con acreditación de necesidades educativas especiais escolarizado a tempo completo nunha unidade de educación especial ou nun centro de educación especial, sen que poida permanecer nesa etapa máis alá dos vinte e un anos de idade, feitos no ano natural en que finaliza o curso escolar.

A antedita ampliación realizarase logo de esgotadas as medidas excepcionais de repetición de curso.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

De acordo coa lexislación vixente, o alumnado que, despois da avaliación ordinaria do mes de xuño do cuarto curso, obteña unha nota media da etapa igual ou superior a 9, poderá obter a distinción de matrícula de honra (MH). Esta distinción concederase a un número non superior ao 5 % ou fracción resultante superior a quince do conxunto do alumnado matriculado no centro educativo no cuarto curso.

No caso de haber un número de candidatos/as superior ao número de matrículas de honra que o centro poida outorgar, a Comisión de Coordinación Pedagóxica acorda que esta distinción se adopte conforme aos seguintes criterios:

1.º A nota media da etapa, obtida a partir da media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das materias cursadas na etapa, expresada nunha escala de 1 a 10 con dúas cifras decimais, redondeada á centésima máis próxima e, no caso de equidistancia, á superior.

2.º No caso de que o equipo educativo da ESO non estea de acordo por unanimidade co resultado da asignación conforme ao criterio 1.º, calcularase a media ponderada en función das horas lectivas de todas as materias cursadas na etapa, expresada nunha escala de 1 a 10 con dúas cifras decimais, redondeada á centésima máis próxima e, no caso de equidistancia, á superior.

A distinción de matrícula de honra consignarase nos documentos de avaliación mediante unha dilixencia específica.

l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas, que incluírán un modelo de programación e de resumo para o alumnado e as familias

Os seguintes aspectos serán comúns nas tres etapas educativas:

¿ Elaboraranse atendendo aos criterios xerais establecidos na Comisión de Coordinación Pedagóxica.

¿ Serán elaboradas ao comezo de cada curso escolar e entregadas na correspondente xefatura de estudos na data establecida en soporte informático.

. Farase público un resumo das mesmas, a disposición de alumnado e familias.

As PDs constarán, como mínimo, dos seguintes apartados:

1. Introducción
2. Obxectivos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias
 - 3.1 Relación de Unidades didácticas
 - 3.2 Distribución do currículo nas unidades didácticas
 - 3.3 Avaliación das unidades didácticas
 - 4.1 Concrecións metodolóxicas
 - 4.2 Materiais e recursos didácticos

- 5.1 Procedemento para a avaliación inicial
- 5.2 Criterios de cualificación e recuperación
- 5.3 Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes
- 5.4 Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias
- 6. Medidas de atención á diversidade
- 7.1 Concreción dos elementos transversais
- 7.2 Actividades complementarias
- 8.1 Procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente, cos seus indicadores de logro
- 8.2 Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora
- 9. Outros apartados:
 - Contribución da materia ao Proxecto Lector de Centro
 - Contribución da materia ao Plan de Igualdade
 - Contribución da materia ao Plan de Vida saudable
- 10.1 Distribución dos Criterios de Avaliación por Unidade Didáctica (por OBX)
- 10.2 Distribución dos Criterios de Avaliación por Unidade Didáctica (por BLOQUE)
- 10.3 Orientacións pedagóxicas. Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

Os resumos coa información básica relativa ás PDs que se farán públicos na web do centro a disposición de alumnado e familias constarán dos seguintes apartados:

- 1. Obxectivos
- 2. Contidos
- 3. Procedementos, instrumentos de avaliación.
- 4. Criterios de avaliación e cualificación das diferentes áreas. 4. Procedementos de recuperación e de apoio previstos.
- 5. Criterios de promoción e titulación.

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

O criterio principal para a participación do centro en diferentes proxectos, plans e programas é que estes contribúan a consolidar os tres piares nos que se basea o noso proxecto de centro:

- O respecto polo medio ambiente e a sustentabilidade.
- A inclusión e a igualdade.
- A innovación tecnolóxica e o desenvolvemento da competencia tecnolóxica e dixital.

Así mesmo, os plans e programas seleccionados para a participación do centro terán en conta:

- O interese e afinidade co mesmo do profesorado do centro.
- A súa contribución ao desenvolvemento das competencias ou elementos transversais.
- A participación e interese por parte da comunidade educativa e as institucións colaboradoras co centro escolar.
- A súa relación cons obxectivos de desenvolvemento sostible.
- A súa contribución ao desenvolvemento da creatividade e a expresión artística.

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

1.1 CRITERIOS

- Grao de implicación dos distintos membros da comunidade educativa no desenvolvemento do Proxecto Educativo.
- Grao de adecuación dos apartados recollidos ás necesidades do centro.
- Grao de adecuación dos apartados desenvolvidos á lexislación educativa vixente.
- Grao de consecución dos obxectivos propostos.
- Grao de implicación dos axentes externos ao centro no desenvolvemento do proxecto.
- Grao de satisfacción dos membros da comunidade educativa nas actividades desenvolvidas.

1.2 INSTRUMENTOS

- Reunións da CCP.
- Memorias dos Equipos de Ciclo e Departamentos Didácticos.
- Memoria final de centro.

1.3 PROCEDEMENTOS

- Posta en común, nos primeiros días de setembro de cada curso escolar, sobre aqueles apartados do Proxecto Educativo, que segundo a periodicidade anteriormente contemplada, corresponda revisar (Avaliación Inicial).
- Análise e resolución, a través das correspondentes reunións da CCP ao longo do curso, de calquera situación relacionada coa aplicación do Proxecto Educativo (Avaliación Formativa).
- Recollida na Memoria Final do centro das actuacións anteriores co obxecto de tomalas como punto de referencia para a elaboración da Programación Xeral Anual do seguinte curso (Avaliación sumativa).
- Información ao Claustro de calquera cambio que afecte ao Proxecto Educativo (Avaliación formativa e sumativa).
- Información ao Consello Escolar de calquera cambio que afecte ao Proxecto Educativo para a correspondente aprobación (Avaliación formativa e sumativa).

Con respecto ao anteriormente recollido, cabe matizar que partindo dunha concepción de avaliación construtiva, calquera apartado que constitúe o Proxecto Educativo poderá ser obxecto de avaliación en calquera momento do curso escolar se así o require a situación.